
Servidor de Mapas

- Actualizado (20.02.2018)

O servidor de cartografía GIS do CESGA crea e serve mapas dinámicos en Internet. Estes mapas están xeoreferenciados e ademais de visualizalos pódese interactuar con eles con operacións como zoom, panzoom ou consultar información de base de datos asociada. O usuario pode acceder a esta información dende o seu navegador habitual, requírese Netscape ou MS Internet Explorer versión 4 ou superior

MAPAS

Mapa físico de Galicia: Este mapa comprende a hidroloxía e o relieve galegos.

Mapa administrativo de Galicia: Mapa de Galicia que comprende provincias, comarcas, municipios, núcleos urbanos e vías de comunicación.

Mapa do Mundo: Información administrativa, cidades, lagos e ríos de todo o mundo, pódense facer búsqucas de países e de cidades e pódese consultar na base de datos asociada á moneda e a poboación de cada país.

Mapa do Solo Empresarial en Galicia e norte de Portugal: Ubicación e información dos polígonos industriais de Galicia e norte de Portugal. Mapa realizado para o proxecto Consolida.

Mapa de Gasolineras de Galicia: Localización das estacións de servizo de Galicia. Mapa realizado para a Consellería de Innovación e Industria.

Mapa de Apelidos en Galicia: Localización xeográfica de apelidos na comunidade galega clasificados por concello. Realizado para o Instituto da Língua Galega ILGA.

Descobre o XIS. Proxecto Terra: Contido Xeográfico para o proxecto educativo Terra.

O CESGA tamén ofrece aos seus usuarios a posibilidade de desenvolver un servidor de mapas específico cos seus datos, coa finalidade de servilos en Internet ou nunha Intranet.